

**PONTEAREAS****E D I C T O**

a) Solicitudado por don Juan Carro Casas, en representación de Construcciones Carro, S.L., a devolución da fianza por importe de cento vinte mil novecentas corenta (120.940) pesetas, depositada para responder da obra "Pavimentación pista carretera Villasobroso a Souto", e,

b) Solicitudado por la empresa Coruñesa de Ahorro Energético a devolución das fianzas por importe de cento sesenta mil (160.000) pesetas, depositada para responder da obra "Reformar instalacións eléctricas municipais, aforro enerxético 98 (1ª fase), e de seiscentas noventa e seis mil trinta (696.030) pesetas, depositada para responder da obra "Alumeadoo público nos lugares de Chan de Espiño (Moreira), Ponte Alta, Iglesia (Nogueira), Oliveira (Arnos), Souto, Viso (Xinzo)".

Expónense ó público os expedientes, durante o prazo de quince días, para os efectos de posibles reclamacións.

Ponteareas, a 28 de outubro de 1999.—O Alcalde, José Castro Alvarez. 10158

\* \* \*

**O GROVE****E D I T O**

Solicitada desta Alcaldía por D. José Félix Alvarez Cordero, en representación de La Toja, S.A., licencia municipal para instalación e apertura de edificio destinado a balneario, usos comerciais e hoteleiro, con emprazamento na Zona Z-11 da Illa da Toxa, sométese a información pública por período de dez días hábiles, a contar desde o seguinte ó da publicación no B.O.P., a fin e que durante o mesmo poida examinarse o expediente na Secretaría deste Concello, e formular por escrito as reclamacións que se estimen oportunas.

O Grove, a 5 de novembro de 1999.—O Alcalde, Miguel Angel Pérez García. 10160

\* \* \*

**COTOBADE** 70 98043

*Aprobación definitiva da modificación puntual nº 1 das Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Cotoade.*

Para dar cumplimento o establecido no art. 48.1 da Lei 1/1997, de 24 de marzo, do solo da Galicia e para os efectos do establecido no art. ... da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, segundo a redacción dada na Lei

39/1994, de 30 de decembro, faise público que o Pleno do Concello de Cotoade, en sesión extraordinaria realizada o día 18 de novembro de 1999, co quórum de maioria absoluta legal de membros da Corporación, adoptou acordo de aprobar definitivamente a modificación puntual nº 1 das normas subsidiarias de planeamento deste Concello, que consiste na modificación da calificación do solo en terreos localizados na parroquia de Tenorio e grafiados na correspondente cartografía, que figura no documento aprobado. As características da edificación corresponden a Ordenanza nº 2-A das normas subsidiarias do Concello, publicadas no BOP nº 49, de 12 de marzo de 1997, as que se lle agrega un apartado de estética, de xeito que a redacción desta ordenanza resulta ser a seguinte:

**ORDENANZA N° 2-A****DENOMINACION:**

Equipamentos.

**AMBITO E CARACTERISTICAS:**

Nos planos de Ordenación defínense os equipamentos indicando en cada caso o seu uso.

**CONDICIONS DE USO:**

Os usos permitidos serán:

- Educativo e Docente.
- Deportivo.
- Socio-cultural.
- Casas de cultura, bibliotecas, salas de reunión e polivalentes, filmotecas e similares.
- Relixiosos.
- Lugares de culto e conventos.
- Administrativo.

**CONDICIONS DA EDIFICACION:**

Os equipamentos e dotacións regularanse polo tipo de ordenación da zona onde se encadren e manterán condicións de composición urbanística acordes coa mesma. Non obstante, adaptaranse ás condicións de edificación, estándares e programas correspondentes á súa legislación específica.

Con carácter xeral establecéense como parámetros máximos os seguintes:

- Altura máxima: 10 m. Excepto no uso relixioso, que non se limita.
- Ocupación da parcela: A edificación non ocupará máis do 60% da superficie da parcela.

**CONDICIONS ESTETICAS:**

- As fachadas realizaranse en mampostería, sillería, ladrillo "cara vista" ou revestidos en cor branco. Prohibense expresamente as fachadas con placa cerámica.

- A carpintería será de cor madeira, verde, branco ou bronce.
- As cubertas realizaranse con tella árabe ou similar.
- Excepto en casos singulares que se xustifiquen, manterase a cuberta inclinada a dúas ou catro augas.
- Os corpos voados pechados, galerías, miradoiros e balcóns realizaranse mantendo o carácter das existentes e análogas de carácter tradicional.

#### RECURSOS:

Contra este acordo, que pon fin a vía administrativa, poderá interpoñerse potestativamente o recurso de reposición ante o mesmo órgano que o dictou, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte o da publicación deste acordo. Se se interpón o recurso de reposición non se podrá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Transcorrido un mes dende a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se notifice resolución expresa, entenderase desestimado por silencio administrativo e quedará expedita a vía contencioso-administrativa, podendo interpoñer o recurso contencioso administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, ou no prazo de seis meses, contados dende o seguinte ó de aquel no que se produza o acto presunto.

Non obstante, este acordo poderase impugnar directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa. Para tal efecto, poderase interponer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte o da publicación do presente acordo, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Así mesmo, poderase interponer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Cotobade, a 18 de novembro de 1999.—O Alcalde, José Ramón Abal Varela.

10292

\* \* \*

#### A ILLA DE AROUSA

#### A N U N C I O

Reunido o período de exposición previsto nos acordos adoptados en sesión de 16.09.1999, sobre modificación das ordenanzas fiscales reguladoras do imposto sobre bens imóveis e taxa polo seu

recollida do lixo, sen que se presentaran reclamacións, fanse públicos co texto íntegro das citadas ordenanzas:

#### 1.—IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES

Segundo o artigo 60.1 da Lei 39/88 de 28 de decembro Reguladora das Facendas Locais, os Concellos esixirán o imposto sobre bens inmobilés que se regula nos artigos 61 a 78 do citado texto legal. O Concello de A Illa de Arousa esixirá este tributo de conformidade co disposto na Lei 39/88, disposicións que a desenvolvan e os seguintes tipos de gravame sobre o valor catastral:

- 1.—0,45% para bens de natureza urbana.
- 2.—0,60% para bens de natureza rústica.

#### 2.—ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA RECOLLIDA DO LIXO

#### ARTIGO 1.—FEITO IMPOÑIBLE.

1.—Constitúe o feito imponible desta taxa a prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida de residuos sólidos urbanos no término municipal de A Illa de Arousa, o seu trasporte ós centros de eliminación e posterior tratamento. Quedan fora do ámbito de aplicación da presente ordenanza os residuos que, procedentes de calquera actividade ou servizo, estean incluídos pola normativa legal e regulamentaria de aplicación dentro dos considerados como tóxicos ou perigosos. As obrigas específicas que necesariamente deberán cumpli-los produtores ou posuidores desta clase de residuos, serán as establecidas nos artigos 5 da Lei 20/86 de 14 de maio, básica de residuos tóxicos e perigosos, no artigo 13 do R.D. 833/88, de 20 de xullo, e preceptos concordantes.

2.—Entenderase por recepción obrigatoria a prestación de servizo a tódalas vivendas que estean en condicións de habitabilidade, con independencia de que a vivenda estea habitada ou non. No caso de establecementos comerciais, profesionais e industriais que se atopen pechados, aplicarase unha tarifa mínima idéntica á tarifa de vivendas.

3.—Considéranse, a efectos desta ordenanza, residuos sólidos urbanos, os residuos procedentes de vivendas, edificios, centros públicos e privados sen excepción ningunha; os móbiles, enseres e trastos inútiles, así como os xerados en establecementos de toda clase, industrias, clínicas, laboratorios e establecementos análogos sempre que, consonte á legislación vixente en materia de residuos, teñan a consideración de residuos sólidos urbanos ou asimilables a estes, estando suxeito o seu verquido á autorización previa do Concello.